

PALABRAS PARA CREAR TEXTOS: SUBSTANTIVOS E ADXECTIVOS

1. Orixe e formación de palabras

1.1 O morfema. Definición e tipos

Introducímonos no estudo das unidades lingüísticas posúen significado e significante. Son as unidades da primeira articulación e son os morfemas, as palabras, as frases, as cláusulas e as oracións. Definimos o morfema como a unidade mínima dotada de significado e de significante.



gat-	'animal', 'domesticable', 'felino'	(sfdo. léxico)
-o-	'macho' }	(sfdo. gramatical)
-s		
	'plural'	

referente significante: /g/-/a/-/t/-/o/-/s/ (fonemas) gatos (grafemas)

Ilustración 1. Gatos

A palabra gatos está construída cos morfemas, gat-, infórmanos do significado léxico, é dicir, do contido significativo da palabra; -o-, ofrécenos o contido respecto do sexo do animal, neste caso 'macho'; o último morfema, -s, infórmanos sobre o número de animais (máis de un).

O significado da palabra, pois, refírese a 'máis de un animal domesticable da clase dos felinos'. O significante constitúeno os fonemas que compoñen a palabra /gatos/, ou os grafemas que empreguemos para escribir a palabra (gatos). A imaxe do animal en si mesmo constitúe o referente.

A parte da gramática que se encarga do estudo da estrutura das palabras, da análise do morfema ou morfemas que as constitúen é a morfoloxía. O morfema está formado por un ou varios fonemas.

- Exemplos de morfemas constituídos por un fonema: a (prep.), e (conx.), -o (formante de xénero), -a (formante de xénero), -s (formante de número), etc.
- Exemplos de morfemas constituídos por varios fonemas: pan, sal, andel, etc.

Un só morfema pode constituír unha soa palabra, (pan, sal, luz, con, andel), ou unirse a outro ou outros morfemas para compoñer unha palabra: pan-adeir-o, em-pan-ar, etc.

Existen dous grandes tipos de morfemas: morfemas léxicos, tamén chamados lexema ou raíz, e morfemas gramaticais.

a) Morfemas léxicos ou lexemas: son os morfemas que presentan significado referencial (remite á realidade extralingüística). Neles atópase o significado central, que é común a todas as palabras da

mesma familia léxica. Este significado atópase nos substantivos, adxectivos e nos verbos. Exemplos: neno, nena, nenez, pan, panadeiro, panadería, empanar, etc.

b) Morfemas gramaticais: son os que ofrecen o contido gramatical das palabras (xénero, número, tempo, persoa, modo e aspecto). Poden ser:

b.1) Morfemas libres (cando constitúen por si mesmos palabras, como as preposicións, conxuncións, pronomes, etc.)

b.2) Morfemas ligados ou trabados (cando van soldados a morfemas léxicos, cos cales forman palabras). Hai dous tipos de morfemas ligados:

b.2.1) Morfemas flexivos ou desinenciais: indican o xénero e o número das palabras e o tempo, modo, aspecto, número e persoa nos verbos. Permiten clasificar as palabras en variables, (nomes, adxectivos, pronomes e determinantes, verbos), ou invariables (adverbios, preposicións e conxuncións). Sitúanse sempre ao final da palabra.

Ademais, o mesmo morfema pode aparecer con marcas (ou morfos) distintas segundo as palabras de que forme parte; as diferentes marcas ou morfos que realiza o mesmo morfema chámanse alomorfos. Por exemplo, o morfema de plural está desenvolvido por diversos alomorfos:

-s: casa / casas; camiión / camiións
-is: azul / azuis; tendal / tendais
-es: fel / feles; dócil / dóciles
Ø: lapis / (os) lapis

Por outra banda, o signo Ø (morfema cero) indica a ausencia de marca de morfema flexivo; débese ter en conta que o morfema cero é tan significativo como os propios alomorfos.

Morfología nominal	Morfema léxico	Morfemas gramaticais	
	Categorías nominais	Xénero	Número
	nen-	-o-	-s
	nen-	-a-	-s
	alt-	-o	Ø
Morfología verbal	Morfema léxico	Morfemas gramaticais	
	Categorías verbal	Tempo/modo/aspecto	Número/persoa
	and + (a)	-re-	-mos
	varr + (e)	Ø	-s
	part-	-a-	-des

b.2.2) Morfemas derivativos ou afixos: son os que se engaden ao lexema para formar derivados ou palabras derivadas. Segundo a súa posición dentro da palabra, distínguese entre os afixos (prefixos e sufixos) e os infixos (interfixos):

b.2.2.1) Prefixos: sitúanse antes do lexema. Teñen significados variables e caracterízanse porque non cambian nin a referencia nin a categoría gramatical da palabra: in-útil.

Prefixo	Significado	Exemplos
a-	negación, privación	amoral, ateo
ad-	ao lado	adxunto, adxectivo
bi-	dúas veces, dous	bilingüe, bígamo
biblio-	libros	bibliografía, biblioteca
des-	contrario de	despegar, desfacer
pre-	anterioridade	predicir, prehistoria
re-	repetición	refacer, retorcer
tri-	tres veces, tres	triloxía, tricampión

b.2.2.2) Sufixos: sitúanse detrás do lexema. Posúen distintos significados, e distínguese entre os non apreciativos e os apreciativos ou alterativos:

i) non apreciativos: engaden significados abstractos e modifican a referencia e a categoría gramatical da palabra da que proceden (son transcategorizadores). Exemplos:

Significado	Sufixo	Exemplos
conxunto ou colectivo, abundancial	-ame	dent ame , enx ame
	-al	pomb al , piñeiral
	-ado/a	profesor ado , alameda
	-eiro/a	cancione iro , carballeira
	-axe	plum axe , equip axe
de acción ou proceso	-ción/sión	alter ación , agres ión
	-mento	casam ento , pagam ento
	-dura/tura	andad dura , licenciatur a
locativo	-ería/aría	panad aría , confeit aría
profesións	-án	tecel án , artes án

ii) sufixos apreciativos ou alterativos: son un conxunto de sufixos que dotan a palabra de matices de afectividade. Non modifican a referencia nin a categoría gramatical da palabra da que proceden e varían substancialmente o significado.

-Para expresar diminución (diminutivos): -echo/a, gordecho; -elo/a, cadelo; -ete/a, banqueta; -iño/a, rapaciña; -ico/a, burrico; -ocho/a, delgadocho;;-ote, cachote;-ucho/a, papelucho

-Para expresar aumento (aumentativos): -ón/ona, mullerona; -azo/a, cochazo.

-Para expresar desprezo (despectivo): -aco/a, paxarraco; -acho/a, fiacho; -exo, lugarexo; -uco/, casuca; -ucho/a, cuartucho; -uzo/a, xentuza; -allo/a, espantallo; -oupo/a, casoupa.

b.2.2.3) Infixos ou interfixos: sitúanse entre o lexema e os afixos. Exemplo: cafe-c-iño.

Ademais, todas as palabras que teñen un mesmo lexema e, polo tanto, unha parte do seu significado é común, forman unha familia léxica.

Por outra banda, os sufixos non apreciativos dan lugar a novas palabras que posúen distinto significado e pertencen a outra categoría ou clase de palabra distinta:

claro (adxectivo)	/	claridade (substantivo)	
terra (substantivo)	/	enterrar (verbo)	
pan (substantivo)	/	empanado (adxectivo)	/ empanar (verbo)

1.2 A palabra

É unha unidade lingüística constituída por un ou varios morfemas. Caracterízase pola súa mobilidade no discurso, polo carácter inseparable dos seus elementos e a orde fixa dos morfemas que a constitúen.

O corpus léxico é o conxunto de palabras dunha lingua. A parte da gramática que estuda o significado do léxico é a semántica, pero a que se encarga da forma das palabras (de como se constrúen, de onde proceden, etc.), como sabemos, é a morfoloxía. O corpus léxico dunha lingua fórmase de diversas maneiras:

- por etimoloxía (orixe do léxico)
- por formación de novas palabras a partir doutras xa existentes (a través de mecanismos que xa dispón a propia lingua)
- por incorporación de palabras novas procedentes doutras linguas (préstamos)
- por onomatopeas
- por abreviación

1.2.1. Etimoloxía do galego (orixe do léxico)

O galego constituíuse como lingua, ao igual ca as outras linguas románicas (castelán, catalán, italiano, etc.) no século VIII. O estrato é a base dunha lingua, é aquela variedade lingüística que dá

orixe á maior parte do seu léxico, así como das súas estruturas sintácticas e gramaticais. No caso do galego, a lingua de estrato é o latín

1.2.1.1. Elementos de substrato

As pegadas das linguas anteriores ao latín que chegaron ata o galego de hoxe denomínanse elementos de substrato. O substrato divídese en dúas familias: preindoeuropeas (carqueixa, carrasco, mata, queiroga...), indoeuropeas (relacionadas cos pobos celtas: carballo)

1.2.1.2. Elementos de superestrato

Despois de caer o Imperio Romano, polo territorio galego pasaron diversos pobos que, sen chegar a substituír o latín, deixaron palabras, nomes de persoa e de lugar, sufixos, etc. Son estes elementos incorporados á nosa lingua despois da romanización os que reciben o nome de superestrato. Algunhas son de orixe xermánico (Afonso, Elivira e topónimos como Gondomar, Amil Bertamiráns) e outras de orixe árabe (laranxa, azucre, albanel, Sada).

1.2.1.3. Palabras patrimoniais, cultas e semicultas

Como dixemos, a maioría das palabras do galego proceden do latín, pero non todas as palabras latinas que hai no galego se introduciron do mesmo xeito. De acordo coa evolución das palabras latinas presentes na nosa lingua, distinguimos: patrimoniais, cultas e semicultas.

Palabras patrimoniais: forman parte do noso léxico desde a época da colonización romana. Son as palabras máis vellas e constitúen un conxunto moi numeroso. Experimentaron todas as evolucións (fonéticas e morfolóxicas) que se produciron no paso do latín ao galego.

LATÍN	GALEGO	EXEMPLOS
-n-, -l- intervocálicos	∅	CENA > cea; MOLA > moa
[p, t, k] intervocálicos	[b, d, g]	LUPU > lobo; FOCU > fogo
pl-, fl-, cl- iniciais	ch-	PLUVIA > chuvia; FLAMMA > chama
-ct-	-it-	TECTU > teito; LACTE > leite

Exemplos: **cheo** que vén do latín PLENUM, **enteiro** que vén do latín INTEGRUM.

Palabras cultas ou cultismos, tiveron unha incorporación máis tardía e practicamente non sufriron evolución con respecto á súa forma latina orixinal. Aparecen en rexistros cultos. Exemplos: **pleno** que vén do latín PLENUM, **íntegro** que vén do latín INTEGRUM

Palabras semicultas ou semicultismos, son palabras que entraron no idioma despois de que se formase e, aínda que sufriron transformacións, estas non foron tan intensas: **praga** que vén do latín PLAGAM, **fraco** que vén do latín FLACCUM.

Ao existiren palabras cultas, semicultas e patrimoniais derivadas da mesma base latina, orixínanse familias léxicas irregulares:

NOITE > noitiña, anoitecer, nocturna, noctámbulo, nocturnidade, etc.

LÚA > luar, luada, lunar, lunático, aluaxe, etc.

1.2.2. Formación de palabras por procedementos internos

O léxico non é inalterable nin fixo; ao longo do tempo vai experimentando transformacións, hai palabras que deixan de utilizarse, outras evolucionan e modifícanse, e tamén se incorporan palabras novas.

Un dos fenómenos que se producen nas linguas é a construción de palabras a partir das xa existentes, para o cal se coñecen tres procedementos: derivación, composición e parasíntese.

1.2.2.1. A derivación

A derivación é o procedemento de formación de palabras consistente en engadirlle a un lexema prefixos e/ou sufixos. Fíxate neste grupo de palabras: pan, panadeiro, panadería, empanar, empanada, panificadora, etc. Como ves, todas elas teñen unha parte común (pan) que é o seu lexema ou raíz. As demais palabras formáronse engadindo morfemas derivativos (afixos e infixos) a un lexema, procedemento que xa comentamos.

1.2.2.2. A composición

Fíxate agora na formación destoutro grupo de palabras: xordo + mudo = xordomudo; sapo + concho = sapoconcho: afía + lapis = afialapis

A composición é un procedemento de formación de palabras novas consistente na unión de dúas ou máis palabras ou morfemas léxicos. As palabras compostas escríbense xeralmente sen guión; unicamente levan guión os compostos ocasionais, non fixados na lingua (histórico-político) ou de orixe estranxeira non adaptados (foie-gras, fox-terrier).

1.2.2.3. A parasíntese

Aínda que ás veces se considera un terceiro mecanismo de formación de palabras, a parasíntese é en realidade un tipo especial de derivación, no que se dá, á vez, prefixación e sufixación ou composición e derivación. Fíxate nos exemplos:

pica + pedra + eiro = picapedreiro (*picapedra/*pedreiro)
a + claro + ar = aclarar (*aclaro/*clarar)
sete + mes + iño = setemesiño (*setemés/*mesiño)

Non se debe confundir este mecanismo de formación de palabras con aquelas en que só se dá primeiro prefixación e despois sufixación, en cuxo caso non estaríamos ante parasíntese: militar / militarista / antimilitarista; nome / pronome / pronominal.

1.2.3. Os préstamos

Cando aos usuarios dunha lingua lles cómpre nomear novas realidades, poden recorrer a palabras doutras linguas. Estas palabras denomínanse préstamos e incorporámolos para designarmos

conceptos, ideas, obxectos, seres, etc., anteriormente descoñecidos para nós. Os préstamos poden ser necesarios (*penalti, baloncesto*) ou innecesarios (**parking* en canto de aparcadoiro).

1.2.3.1. Os castelanismos

No caso particular do galego, debemos facer especial mención ao fenómeno de contacto lingüístico que se produce co castelán. Derivado desta situación, o castelán vai recibir palabras do galego (galeguismos) e viceversa, o galego vai recibir palabras procedentes do castelán (castelanismos). Debido á gran cantidade de interferencias que se producen, introdúcese no galego moitas máis palabras procedentes do castelán do que realmente é necesario, que acaban substituíndo as formas propias galegas. Este tipo de préstamos innecesarios reciben o nome de castelanismos plenos. Estes castelanismos poden ser fonéticos (como o uso de 5 vogais ou a non pronuncia do n velar), morfolóxicos (por exemplo empregar o xénero incorrecto, **a sangue*, ou o uso de tempos verbais compostos) sintácticos (non empregar o artigo co posesivo, **meu compañeiro*) e léxicos (ao empregar formas en castelán como **rodilla*).

1.2.4. Outros procedementos de formación de palabras

1.2.4.1. Onomatopeas

É aquela palabra ou conxunto de palabras creadas convencionalmente cuxa pronuncia ten a finalidade de imitar o son que produce unha acción. Exemplos típicos son: *bum!*, *clic!*, *crac!*

1.2.4.2. Abreviacións

Por economía lingüística, moitas veces créanse palabras novas por abreviación doutras xa existentes. Existen diversos tipos de abreviacións:

Siglas: abreviación dun sintagma que se forma unindo as letras iniciais de cada elemento do sintagma. Débense escribir todas as letras da sigla en maiúscula. Por exemplo: *CD* (do inglés compact disc, ‘disco compacto’), *ESO* (‘Educación secundaria obrigatoria’),

Acrónimos: ao lado das siglas, existe outro procedemento de formación de palabras moi similar, que se forma cando un sintagma se abrevia pero tomando varias letras ou sílabas completas dunha ou de varias palabras que constrúen o enunciado. Estes débense escribir só en maiúscula a letra inicial. Exemplo: *Sergas* (‘Servizo Galego de Saúde’).

1.3 As clases de palabras

Adóitanse considerar as categorías xerais seguintes:

Substantivos; Adxectivos; Verbos; Adverbios; Preposicións; Conxuncións; Artigos; Demostrativos; Posesivos; Numerais; Indefinidos; Exclamativos; Interrogativos.

Para delimitar entre si estas categorías, empréganse tres criterios:

Semántico: as palabras clasifícanse nalgúnhas das categorías anteriores atendendo o significado xenérico que expresan.

Funcional: ou sintáctico, as palabras defínense de acordo coa función que desempeñan normalmente na cadea sintáctica.

Formal: ou morfolóxico, dependendo dos tipos de morfemas que conforman a estrutura interna de cada clase de palabras.

2. O substantivo e o adxectivo

2.1 O substantivo

2.1.1. Definición

O substantivo é unha categoría gramatical que se emprega para designar entidades, sexan reais ou imaxinarias, tanto de obxectos concretos (persoas, obxectos, etc.) como abstractos (sentimentos, seres, etc.). Segundo o significado, os substantivos poden ser clasificados en:

Común: designa as cousas ou seres da mesma especie: nena, home, río, vila, etc.

Propio: designa individualmente un ser ou unha cousa dentro da súa especie: Carme, Eume, etc.

Concreto: refírese a realidades que se poden percibir polos sentidos: man, cadeira, libro.


Abstracto: refírese a ideas, sentimentos ou calidades que non se poder ver nin tocar: dor, amor.

Contable: nomea realidades que se poden contar: persoa, flor, folla, etc.

Incontable: nomea realidades que non se poden contar: auga, sal, madeira, terra, etc.

Individual: remite, en singular, a unha soa cousa ou ser: soldado, formiga, ovella, etc.

Colectivo: remite, en singular, a un conxunto de cousas ou seres da mesma especie: exército, formigueiro, rabaño, enxame, piñeiral, etc.



Desde o punto de vista funcional, o substantivo é o núcleo (N) da frase nominal (FN). En o neno loiro (FN), neno actúa como núcleo e aparece modificado polo determinante (o) e o modificador (loiro). Formalmente, os substantivos son palabras que admiten morfemas de xénero e número que se engaden ao lexema; polo tanto, son palabras variables.

2.1.2. O xénero do substantivo

Fíxate nos seguintes substantivos: mestre, mestra, mestres, mestras. Nesta serie o substantivo é unha palabra variable. Hai un elemento constante *mestr-* (lexema), e uns elementos que varían, *-e*, *-a*, *-es*, *-as* (morfemas gramaticais ligados flexivos). Estes elementos variables, morfemas, serven para indicar o xénero e o número dos nomes.

O xénero dos nomes pode ser masculino e/ou feminino. Xeralmente, son masculinos os nomes de homes, animais macho e cousas que levan diante o artigo “o”: o lapis, o piñeiro, o río, o sol, etc. Tamén son masculinos os nomes das letras: o a, o be, o ce, o de, etc.

- Debes lembrar que son masculinos os substantivos como: o berce, o cárcere, o coral (grupo de persoas que cantan nun coro), o costume, o couce, o cume, o cuspe, o dote, o fel, o labor, o leite, o lume, o mel, o nariz, o sal, o sangue, o sinal, etc.

Xeralmente, son femininos os nomes de mulleres, animais femia e cousas que levan diante o artigo “a”: a cadeira, a lúa, a mesa, etc. Son femininos tamén os cultismos rematados en *-ise* e *-ite* de orixe grega: a bronquite, a hepatite, a meninxite, etc. Tamén son do xénero feminino os substantivos rematados en *-axe*: a linguaxe, a mensaxe, a paisaxe, etc. Ten en conta a excepción de “o traxe, o paxe e o garaxe”, que son masculinos, e a palabra “personaxe”, que pode ser masculina ou feminina.

O xénero serve para establecer diferenzas significativas en palabras opostas por esta categoría gramatical. Cando o xénero é real (motivado), a oposición masculino/feminino responde a unha diferenciación de tipo sexual (cabalo/egua, lobo/loba, home/muller).

Cando o xénero é inmotivado (na maior parte das ocasións) a oposición xenérica implica diferenzas semánticas moi diversas. Como no exemplo: individual/colectivo: leño / leña; froito / froita, etc.

2.1.2.1 As formas femininas dos substantivos

As formas femininas dos substantivos e adxectivos adoitan presentar a terminación *-a*, que se une directamente á forma do masculino se esta acaba en consoante ou vogal tónica (deus / deusa, rapaz / rapaza, avó / avoa, cru / crúa) ou no canto da vogal final da forma do masculino se remata en vogal átona (sobriño / sobriña, presidente / presidenta). Con todo, hai algúns casos especiais que deberemos ter en conta:

1. Nomes rematados en -n

1.1. Os substantivos e adxectivos que acaban en *-án* (<ANUM) forman o feminino en *-á*: ancián, anciá; capitán, capitá; chan, chá; cotián, cotiá; curmán, curmá; etc.



1.2. En troques, os caracterizadores despectivos rematados en -án fórmalo en -ana: charlatán, charlatana; folgazán, folgazana; galbán, galbana; lacazán, lacazana; etc.

1.3. Para o feminino dos rematados en -ón (león / leoa, mais lambón / lambona), forman o feminino en -oa unha serie de adxectivos e substantivos en que -ón non pode analizarse como sufixo: anfitrión, anfitrío; bretón, bretoa; campión, campioa; ladrón, ladroa (que tamén ten un feminino ladra); león, leoa; patrón, patroa. Rematan en -ón / -ona as palabras en que esta terminación é un sufixo aumentativo ou deverbial pexorativo: homón, mullerona, zapatón, zapatona; abusón, abusona; etc.

2. Nomes rematados en vogal ou ditongo tónicos

Os substantivos rematados en vogal tónica tenden a engadir -a, en tanto que os adxectivos tenden a ser invariables: un avó somalí / unha avoa somalí. Con todo, algúns substantivos son invariables: unha chimpancé adulta; entre os adxectivos, nu, cru e recrú, só e mao 'ruín' forman os femininos núa, crúa e recrúa, soa e má: o peixe cru / a carne crúa, un só día / unha casa soa. Presentan características morfolóxicas especiais grou / grúa, xudeu / xudía.

3. Nomes rematados en -és

Os xentilicios que acaban en -és presentan un feminino en -esa: cambadés / cambadesa. O mesmo ocorre con outros adxectivos, coma burgués / burguesa; algúns, en troques, son invariables: cortés.

4. Formacións especiais

Algunhas palabras de xénero feminino presentan terminacións especiais, sobre a mesma base léxica engádese un morfema derivativo: heroe / heroína, tsar / tsarina; galo / galiña; rei / raíña; abade / abadesa. Algúns substantivos forman o feminino cunha palabra diferente á do masculino (heterónimos): o boi / a vaca; Outros, os chamados epicenos, designan de igual modo o macho e a femia dunha especie: ra macho / ra femia.

2.1.3. O número do substantivo. Regras de formación do plural.

O número dos nomes pode ser singular e/ou plural. O singular nomea a unha soa persoa, animal ou cousa: unha cadela, un balcón, o neno, etc. O plural nomea a máis dunha persoa, animal ou cousa: dúas cadelas, varios balcóns. Case todos os nomes teñen singular e plural, pero hai unha serie de substantivos que son invariables. Temos nomes que só se usan en singular: millo. Nomes que só se usan en plural: as tesoiras. Nomes que son invariables en canto ao número: o/os luns, o/os lapis. As regras de formación do plural son:

2.1.3.1. Palabras rematadas en vogal, en ditongo ou en -n. As palabras rematadas en vogal, tónica ou átona, en ditongo ou en -n forman o plural engadindo -s: mesa, mesas; café, cafés; can, cans. Os estranxeirismos acabados en vogal forman o plural engadindo -s ou ben respectando a forma de plural da lingua de orixe: spray, sprays; hippy, hippys ou hippies.



2.1.3. 2. Palabras rematadas en -r e -z. As rematadas en -r e -z engaden o morfema -es sobre o singular: mar, mares; calor, calores; luz, luces. Os estranxeirismos adecúanse á regra xeral (palier, palieres; somier, somieres; húsar, húsares; dólar, dólares...), a non ser algúns casos de palabras pouco integradas, que poden formar o plural engadindo -s: póster, pósteres ou pósters; gángster, gángsteres ou gángsters; júnior, júniores ou júnior.

2.1.3.3. Palabras rematadas en -s e -x [ks]. As agudas acabadas en -s forman o plural engadindo -es: deus, deuses; compás, compases, a non ser as que rematan en grupo consonántico (incluíndo entre estas as acabadas en -x [ks]): luns, fax, lux, unisex, que permanecen invariables. As graves e esdrúxulas acabadas en -s ou -x [ks] son invariables e presentan, xa que logo, a mesma forma no singular e no plural: choromicas, lapis, martes.

2.1.2.4. Palabras rematadas en -l: Os monosílabos rematados en -l engaden o morfema -es: cal, cales; el, eles; til, tiles; val, vales; vil, viles; xel, xeles, etc. Nas palabras agudas de máis dunha sílaba, o -l do singular substitúese polo morfema -is: animal, animais; papel, papeis; azul, azuis. Téñase en conta que nos acabados en -il a secuencia antiga -iis se resolve en -ís (cadrís, non *cadríis). As palabras compostas en que o segundo elemento é algún dos monosílabos citados máis arriba fan o plural en -les (ollomoles). O plural de aquel é aqueles, pola mesma razón indicada para el, eles. A pesar da súa aparencia, caracol e aerosol non son compostos de col e sol. Os seus plurais son, xa que logo, regulares: caracois e aerosois. As palabras graves rematadas en -l forman o plural engadindo o morfema -es: áxil, áxiles; difícil, difíciles; útil, útiles; túnel, túneles; cónsul, cónsules; etc. Exceptúase desta regra a terminación -bel, que fai o plural en -beis: amábel, amábeis.

2.1.2.5. Palabras rematadas noutras consoantes. As voces acabadas en consoantes distintas das vistas son as máis delas estranxeirismos ou cultismos, e forman o plural engadindo -s: club, clubs; frac, fracs; crómlech, crómlechs; lord, lords; búmerang, búmerangs; álbum, álbums; clip, clips; robot, robots; trust, trusts; leitmotiv, leitmotivs.

2.2 O adxectivo

2.2.1. Definición

O adxectivo é unha clase de palabras variables que expresan propiedades ou características dos substantivos. Por exemplo, en casa pequena, o adxectivo pequena remite a unha calidade de tamaño. Desde o punto de vista do seu significado, clasifícase en:

- cualificativo: indica calidades. A mesa verde.
- de relación: indica pertenza ou relación con respecto ao nome ao que complementan: nervio ocular. Non admiten grao e non se poden antepoñer ao substantivo. Entre eles, podemos atopar os xentilicios: catalán, francés, etc.
- cuasideterminativo: o seu significado está moi relacionado co dos determinantes: último, seguinte, etc.

Desde o punto de vista da relación co nome que complementa:

-- Adxectivo especificativo ou restritivo: delimita a extensión significativa do substantivo e distíngueo doutros posibles. Quero un bolígrafo verde (de ningunha outra cor). O adxectivo delimita unha subclase dentro da clase bolígrafos.

-- Adxectivo explicativo, epíteto ou non restritivo: engade unha nota explicativa que non di nada novo con relación ao substantivo que acompaña: neve branca, sorriso ledo, etc. Estes adxectivos non delimitan subclases senón que describen toda a clase de elementos sinalados polo substantivo.

Desde o punto de vista sintáctico ou funcional, o adxectivo é o núcleo (N) da frase adxectiva (Fadx), grupo de palabras que posúen como elemento central o adxectivo e que, ademais, pode estar formado por un modificador (MOD). En doadas de facer (Fadx), doadas actúa como núcleo e aparece modificado por de facer. Formalmente, é unha unidade léxica variable que, por medio da concordancia, admite o xénero e o número do substantivo ou substantivos que acompaña.

2.2.2. Graos do adxectivo

A calidade que se lle adxudica ao substantivo por medio do adxectivo admite unha gradación. Fíxate nos exemplos:

- *A pera estaba doce.*
- *A pera era máis doce ca a mazá / cá mazá.*
- *A pera estaba docísima.*

Segundo podes ver, o adxectivo ten tres graos:

2.2.2.1. O grao positivo: expresa a calidade sen indicar intensidade nin establecer comparacións.

- *A pera estaba doce.*

2.2.2.2. O grao comparativo: expresa a calidade comparándoa coa doutros seres. Realízase por dous procedementos, analíticos e sintéticos:

a) *Comparativo de igualdade*: fórmase coa expresión tan/tanto...coma/como.

- *A pera estaba tan doce como o mel.*
- *O meu pai traballaba tanto coma min.*
- *Riu tanto como chorou con aquela novela.*

b) *Comparativo de inferioridade*: fórmase coas expresións menos...ca/que/do que.

- *A pera estaba menos doce có figo (ca + o).*
- *Agora mesmo non sei se é menos estudoso ca eles.*
- *O resultado do partido foi menos bo do que esperabamos.*



c) *Comparativo de superioridade*: pódese formar a través de procedementos sintéticos ou analíticos. Cando o adxectivo aparece cuantificado a través de adverbios de cantidade ou mediante locucións, e polo tanto a comparación se expresa a través de varias palabras, estamos ante os procedementos analíticos e fórmase coas expresións máis...ca/que/do que:

- *A pera estaba máis doce cá mazá (ca + a).*
- *Ten menos soldo e traballa máis ca nós.*
- *Estudei para o exame máis do que ti pensas.*

Os procedementos sintéticos refírense a aquel conxunto de adxectivos que poden establecer unha comparación de superioridade cunha soa palabra: son, mellor, peor, menor, maior, superior. Exemplo: este libro é mellor ca aquel.

Nos comparativos de igualdade, superioridade e inferioridade empregaremos obrigatoriamente *ca* e *coma* cando o segundo termo da comparación é un pronome persoal:

- *É tan noitébrego coma ti, facedes boa parella.*

Empregaremos obrigatoriamente *como* e *do que* cando o segundo termo da comparación é unha oración:

- *Creo que é menos interesante do que ti pensas.*

No resto dos casos empregaremos indistintamente *ca/que* e *coma/como*:

- *Esa película resulta máis entretida ca/que esoutra.*
- *Este libro é tan interesante como/coma ese.*

2.2.2.3. O grao superlativo: expresa que o ser ou obxecto ao que nos referimos posúe a calidade no seu grao máis alto ou posuída en grao superior á dos demais substantivos (superlativos absolutos) do seu mesmo colectivo ou grupo (superlativos relativos). O superlativo absoluto fórmase co adverbio de cantidade moi ou de modo ben, cos sufixos -ísimo ou -érrimo, coa repetición do adxectivo ou outros procedementos formais.

- *A pera é docísima.*
- *A pera é moi doce.*
- *A pera é doce, doce como o mel.*
- *A pera é ben doce.*

O superlativo relativo fórmase mediante un artigo seguido dun adverbio de cantidade (máis ou menos) máis un adxectivo máis un complemento introducido pola preposición *de*. O máis elegante de todos, A pera é a máis doce das froitas. Tamén se forma mediante un artigo e un comparativo sintético seguido de preposición: é o mellor de todos.

Nos adxectivos rematados en -ble ou -bel este superlativo ten sempre a terminación -bilísimo: amable ou amábel, amabilísimo; estable ou estábel, estabilísimo.



En rexistros elevados aparecen os superlativos co sufixo -érrimo, como son celebérrimo, libérrimo, misérrimo, paupérrimo, pulquérrimo, que corresponden, respectivamente, aos adxectivos célebre, libre, mísero, pobre e pulcro.



Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Gatos	Autoría: Descoñecida. Procedencia: Guía LOMCE 1º bacharelato.